

ACTA Nº 07/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.

Ten escusada a súa inasistencia D^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 14 de febreiro de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 5/11, correspondente á sesión do 31 de xaneiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Non hai.

3.- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 11/11 – D^a MARÍA DE LOS ÁNGELES DURÁN MIRANDA E D. JESÚS CRUZ RADIO presentan croquis de muro de peche a vía pública no lugar da Pandiña, O Con. Lonxitude do muro 27,30 m x 1,80 m de alto= 49,14 m².

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de febreiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO DE 27,30 ML Á VÍA PÚBLICA
INFORME:

Documentación:

- Memoria
- Orzamento
- Documentación gráfica

Procede informar favorablemente o expediente. A liña de peche situarase a 4,00 mts. do eixo. O replanteo farase polo inspector de obras do Concello.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 48,16 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

3.B) EXPTE. 06/11 – D. EUGENIO SANTOMÉ SANTOMÉ presenta solicitude de licenza de obras para colocación de plaqueta antideslizante sobre acera existente; formación de balaustrada en zonas intermedias; colocación de pedra aserrada sobre chanzos existentes, formación de xardineiras de pedra; pintado de portais e chorreo e impermeabilización de muretes existentes situado no lugar de Fonte da Tella, nº 127, do barrio da Moureira, Meira.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de febreiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: Colocación de beirarrúas, balaustres e peldaños.
INFORME:

Documentación:

- Memoria
- Orzamento
- Documentación gráfica

Procede informar favorablemente o expediente.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 54,32 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

3.C) EXPTE. 14/11 – D.^a MARÍA CRISTINA JUNCAL SOUTO presenta croquis para a construción de acera de formigón impreso, plaqueta antideslizante no perímetro

da vivenda, muro de peche a lindeiros e preparación do terreo para xardín, en Sabaceda nº 64. Orzamento das obras: 7.303,35 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de febreiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: Construción de beirarrúa de formigón impreso e muro de peche a lindeiros
INFORME:

Documentación:

- Memoria
- Orzamento
- Documentación gráfica

Procede informar favorablemente o expediente.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 204,50 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

3.D) EXPTE. 08/11 – D. MANUEL EUGENIO CURRÁS TRIGO solicita licenza municipal de obras para construír un peche de 20,40 m por 1,50 m de altura (30,60 m²) lindante con vía pública, a base de bloques, postes e tela metálica, no lugar de camiño das Corredoiras do barrio de Couso-Meira, de acordo coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de febreiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: Cerramento de 20,40 ml a via pública
INFORME:

Documentación:

- Memoria
- Orzamento
- Documentación gráfica

Procede informar favorablemente o expediente. A liña de peche situarase a 4,00 mts. do eixo. O replanteo farase polo inspector de obras do Concello.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 14 €
Taxas licenza urbanística 65 €

4.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. GABRIEL FERRAL NOGUEIRA e D.^a DIANA CARBAJAL CASTELLANO no que SOLICITAN licenza de primeira ocupación para a vivenda

unifamiliar situada en Vilela-Tirán, pertencente á licenza de obra Expte. nº 116/2005, [concedida pola XGL en sesión de data 13.06.2005 e 31.05.10].

A dito escrito engádeselle a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal do 11 de febreiro de 2011, que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción,.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 22 de decembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 27 de xullo de 2009; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 26 de decembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 29 de xullo de 2009.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda: Primeiro: conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda a unifamiliar en Vilela-Tirán dimanante da licenza en Expte. nº 116/2005 aos seus promotores D. D. GABRIEL FERRAL NOGUEIRA e D.^a DIANA CARBAJAL CASTELLANO, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

Segundo: Trasladarlle o acordo á Mancomunidade e a Aqualia.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE PROYCON DEL RÍO, S.L.

Vista a solicitude de PROYCON DEL RÍO, S.L. que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar en parcela nº 3, visado o 06 de novembro de 2008, correspondente ao expediente nº 142/2008.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do 11 de febreiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR

Procede arquivar o proxecto de execución asinado polo arquitecto D. José Luis Domínguez González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 06 de novembro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, **acorda ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 142/2008.**

5.B) D. José Luis Álvarez Souto, como administrador da entidade MONTE DO CON PROMOTORA, S.L., por escrito con entrada no Concello o día 2 de febreiro de 2011, expón que ten concedida licenza para a construción dun edificio na parcela Z do Plan Parcial Monte do Con por acordo da Xunta de Goberno Local do 25.02.08, que debía concluírse neste mes de febreiro de 2011 (expte. 251/07). Manifesta a imposibilidade de rematar as obras no prazo estipulado e solicita unha prórroga.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 11 de febreiro de 2011, que di:

Con data do 25 de febreiro de 2008 a Xunta de Goberno Local, entre outros, adoptou o acordo de conceder licenza de construción dun edificio de niveis -1/0+1+2+3+4+5 para garaxes, trasteiros, e locais e 25 vivendas libres, 1 local e 4 vivendas de acordo coas bases do concurso público (22 de agosto de 2007), de conformidade co proxecto presentado redactado polo estudo de arquitectura JH.ARKMO, visado o 08 de novembro de 2007.

Conclusión:

Procede informar favorablemente a prórroga de licenza do edificio por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.

Liquidación provisoria de tributos

Prórroga licenza 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, **acorda conceder a prórroga solicitada por D. José Luis Álvarez Souto en representación de MONTE DO CON PROMOTORA, S.L., expte. 251/07, nos termos recollidos no informe do arquitecto técnico municipal.**

6.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA

EXPEDIENTE 02/11 – MOATOR TALLERES, S.L.

Vista a instancia presentada o día 9 de febreiro de 2011 por MOATOR TALLERES, S.L., na que solicita o cambio de titularidade da licenza municipal de Talleres Moncho ao seu nome. Acompaña documentación.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 14 de febreiro de 2011, que literalmente di:

A petición do Concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 14.02.11, en relación coa solicitude presentada por D. MOATOR TALLERES, S.L. na data do 09.02.2011, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de TALLER DE REPARACIÓN DO AUTOMOBIL, sito na rúa Porta do Cego, Seara, pertencente a TALLERES MONCHO AUTOMÓVILES, S.L., teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de Apertura de TALLER DE REPARACIÓN DE AUTOMOBIL, sito na rúa Porta do Cego, s/n, Seara, pertencente a TALLERES MONCHO AUTOMÓVILES, S.L. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 21.07.2008.**

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de TALLER DE REPARACIÓN DE AUTOMOBIL, sito na rúa Porta do Cego, s/n, Seara, pertencente a **TALLERES MONCHO AUTOMÓVILES, S.L.**, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 21.07.2008**, a favor de **MOATOR TALLERES, S.L.**

7.- PROPOSTA DE GASTO

Visto o orzamento do 11.02.2011 solicitado a MMMSPORT (Raimundo Hermelo Canosa) para 5 trofeos de cristal para entregar no I *Trail Adventure Galicia Máxica*, que ascende a 265,50 euros.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011 acreditado pola retención de crédito para este gasto se efectuou na partida 3410-22601, RC 131,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 265,50 € a favor da empresa MMMSPORTT – Raimundo Hermelo Canosa, con cargo a partida 3410-22601 RC 131, pola compra dos trofeos I Trial Adventure Galicia Máxica.

8.- SOLICITUDE DIRIXIDA AO CONCELLO DE MANIFESTACIÓN EXPRESA RESPECTO DO POSIBLE EXERCIZO DO DEREITO DE TANTEO E RETRACTO QUE O CONCELLO OSTENTA SOBRE A PARCELA A CORRESPONDENTE AO APROVEITAMENTO LUCRATIVO MUNICIPAL NO POLÍGONO II DO PLAN PARCIAL ROSAL SUR, PARCELA PREVIAMENTE ALLEADA MEDIANTE CONCURSO POLO CONCELLO.

En sesión ordinaria de data 8 de maio de 2006 a Xunta de Goberno acordou adxudicar por concurso, procedemento aberto, o alleamento da parcela municipal A correspondente ao aproveitamento lucrativo municipal do Polígono II do Plan Parcial Rosal Sur pertencente ao Concello de Moaña, á Empresa PROMOCIONES LAGAR

DE SAÍN S.L., polo prezo de NOVECIENTOS DOUS MIL CATROCIENTOS COARENTA EUROS (902.440, €) máis IVE, co compromiso de executar as obras de edificación nun prazo de 600 días dende o outorgamento de licenza municipal co condicionado imposto no prego de condicións, destinando a edificación a vivendas de uso libre e comercial.

En data 30 de marzo de 2007, a Xunta de Goberno Local concede licenza á entidade PROMOCIONES LAGAR DE SAIN, S.L. para a construción dun edificio de 11 vivendas no Expte. nº 171/06.

En data 6 de Agosto de 2007 a entidade PROMOCIONES LAGAR DE SAIN, S.L. transmite a parcela, proxecto e licenza a entidade PROMOCIONES DEL NOROESTE AMOFRE S.L. e a Xunta de goberno local, en data 1 de outubro de 2007, aproba o cambio de titularidade da licenza con nº de expediente 171/06 quedando subrogada en todas as condicións da mesma.

En data 8 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local concede licenza de primeira ocupación dimanante da licenza en Expte. nº 171/2006, á promotora PROMOCIONES DEL NOROESTE AMOFRE, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

En data 3 de febreiro de 2011, PROMOCIONES DEL NOROESTE AMOFRE, S.L. solicita do Concello informe aclarativo respecto de si o Concello vai facer exercizo do dereito de tanteo e retracto previsto nos pregos do alleamento da parcela municipal A correspondente ao aproveitamento lucrativo municipal do Polígono II do Plan Parcial Rosal Sur. Acompaña escrito no que determina os prazos de venda.

Á vista do previsto na cláusula 12ª dos citados pregos respecto do dereito de tanteo e retracto por parte do Concello e os prezos sinalados na documentación remitida por PROMOCIONES DEL NOROESTE AMOFRE, S.L.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Non facer uso do dereito de tanteo e retracto que lle concedía a cláusula 12ª das condicións específicas establecidas nos pregos polos que se rexiu o alleamento da parcela municipal A correspondente ao aproveitamento lucrativo municipal do Polígono II do Plan Parcial Rosal Sur, parcela alleada por concurso á PROMOCIONES LAGAR DE SAÍN S.L. mediante acordo da Xunta de Goberno en data 8 de maio de 2006 e cuxos dereitos sobre a mesma foron posteriormente transmitidos á entidade PROMOCIONES DEL NOROESTE AMOFRE S.L.

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo á empresa PROMOCIONES DEL NOROESTE AMOFRE S.L. aos efectos pertinentes.

9.- LIQUIDACIÓN DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

9.A) Visto o informe da Tesourería municipal do 11 de febreiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Iberdrola Generación S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***IBERDROLA GENERACIÓN S.A.U. (CIF A95075586)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
XANEIRO 2011	24.393,06	365,90

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de IBERDROLA GENERACIÓN, S.A.U. por importe de 365,90 euros polo período de xaneiro 2011, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

9.B) Visto o informe da Tesourería municipal do 07 de febreiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Gas Natural Servicios SDG S.A.. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A. (CIF A 08431090)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
EXERCICIO 2010	84.875,17	1.273,13

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do periodo executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LXCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. por importe de 1.273,13 euros polo exercicio 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO

Visto o informe do 10 de febreiro de 2011 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que relaciona 14 persoas que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da traballadora social, acorda:

Primeiro: Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- M^a Luísa Ogando Pazos.
- Rosa Giráldez Durán.
- Carmen González Nogueira.
- Enriqueta Rodríguez Pérez.
- Manuel Santiago Currás.
- Carmen Paz Rodríguez.
- Manuel Boubeta Boubeta.
- Javier Longueira Pena.
- Manuel Benito Martínez Costa.
- Iberia Curro Palmás:
- Pilar Juncal Regueira.
- Carmen Fervenza Nogueira.
- Jesús Cordeiro Nogueira.
- Rosa Paz Longueira.

Segundo: Notificarlle o acordo a Aqualia.

11.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚBLICAS E XUSTIZA.

No DOG nº 8, do xoves 13 de xaneiro de 2011, publicouse a Orde do 31 de decembro de 2010 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais, por parte dos concellos de Galicia.

Examinadas as actuacións subvencionables e os requisitos dos concellos aos que se dirixen estas axudas, o concelleiro delegado de Servizos, Obras e Promoción Económica propón acollerse a esta orde e solicitar unha subvención para a instalación de elementos biosaudables para o parque público da Guía, para o que presenta unha memoria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a *Memoria para a instalación de elementos biosaudables e elementos infantís para o parque público da Guía*, por un importe de 33.859,90 €, ive incluído.

Segundo: Acollerse á Orde do 31 de decembro de 2010 da Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza para solicitar unha subvención para a instalación de elementos biosaudables e elementos infantís para o parque público da Guía, segundo a memoria que se aproba, e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos que establece a Orde.

12.- FURANCHOS

D. MANUEL MARTÍNEZ JALDA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 1000 litros de viño branco e 400 litros de viño tinto de colleita propia, en Igrexario-Tirán, 144, a partir do 4 de marzo ata o mes de maio. Presenta declaracións de produción e colleita da campaña 2010-11 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado dende o 1 de marzo ao 31 de maio de 2011, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

13.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
SALVADOR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	Auga e Saneamento uso doméstico	A Xunqueira, s/n, portal 2 – 2º B	Conexión auga..... 60 € Fianza20 € Saneamento.....180 €	

SALVADOR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	Auga e Saneamento uso doméstico	A Xunqueira, s/n, portal 1 – ático A	Conexión auga..... 60 € Fianza20 € Saneamento.....180 €	
ANA MARCOS GIL	Saneamento uso doméstico	Ameixoadá, 45 B	Presenta fotocopia de factura de Espina & Delfín do ano 1998 por “acometida saneamento”.	.
JOSÉ COSTA PIÑEIRO	Saneamento uso doméstico	Igrexario – Tirán, 61	Saneamento..... 180 €	Aqualia
JOSE PEREIRO MARTÍNEZ	Saneamento uso doméstico	Rúa dos Corvos, 39 Meira	Saneamento..... 180 €	Aqualia
MARÍA NIEVES PIDRE COUSO	Saneamento uso doméstico	Paradela, 4	Saneamento..... 180 €	Aqualia
MARÍA DEL MAR GARCÍA GRAÑA	Saneamento uso doméstico	Vilela, 172 Rodeira Tirán	Saneamento..... 180 €	Aqualia Arq. técnico munic.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.